

CONVENIO ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E O CLÚSTER DA BIOMASA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN, IMPULSO E DIFUSIÓN DO SECTOR DA BIOMASA EN GALICIA.

REUNIDOS

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Dunha parte, Pablo Fernández Vila, en nome e representación do Instituto Enerxético de Galicia, en adiante INEGA, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, 15703- Santiago de Compostela, e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 95/2022, do 9 de xuño, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

Doutra parte, Francisco Javier Álvarez Pereiro, con DNI 76899368 H, en calidade de presidente da Asociación Clúster da Biomasa de Galicia, inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia con nº 2021/024593-1, con domicilio social en Parque Tecnolóxico de Galicia Tecnópole, Avenida de Galicia nº5, código postal 32901 San Cibrao das Viñas, Ourense, NIF G42965343, debidamente autorizado por nomeamento de 24 de febreiro de 2021.

En virtude das competencias que lles corresponden, recoñécense reciprocamente capacidade e lexitimación suficiente para formalizar o presente convenio e,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo e entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o



fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

Segundo.- Que o Clúster da Biomasa de Galicia constitúese ao amparo da Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociación, sendo os seus fins dar resposta aos retos do sector e impulsar o uso das enerxías renovables, ademais de identificar as necesidades que contribúan á diversificación do sector enerxético en Galicia, a través de proxectos de cooperación público-privados.

Terceiro.- Que as partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración para lograr un desenvolvemento sostible e de mitigación do cambio climático a través da transformación dos actuais modelos enerxéticos para consolidar unha economía baixa en carbono. O uso da biomasa constitúe un elemento esencial na loita contra o cambio climático e no logro dun desenvolvemento sostible a escala local.

A necesidades de avaliar e aproveitar o potencial da Biomasa en Galicia como fonte de enerxía renovable.

A oportunidade de promover desde o ámbito local a xeración e autoconsumo de enerxía para acadar impactos positivos sobre a sociedade permitindo a diversificación da actividade produtiva, e o aforro na factura enerxética dos consumidores sexan particulares ou empresariais.

Que ambas entidades dada a confluencia de intereses comúns, están interesadas en levar a cabo unha colaboración a longo prazo para impulsar o desenvolvemento do sector da Biomasa de Galicia a través dun marco de traballo participativo que contemple un conxunto de actuacións que favorezan





a mellora competitiva do sector e impacten de maneira directa na mellora das condicións de vida dos galegos.

En virtude do exposto, e recoñecéndose ambas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto materializar a colaboración entre as partes para o deseño e posta en marcha dunha serie de accións que permitan desenvolver e consolidar ao sector e impacten de maneira significativa na mellora da calidade de vida dos habitantes de Galicia, así como na competitividade das empresas galegas facilitando a súa necesaria transformación dixital e ecolóxica, mediante o fomento do uso da biomasa local, potenciando a autosuficiencia Enerxética.

Esta colaboración entre o Clúster e INEGA permitirá, principalmente, cumprir os seguintes obxectivos específicos:

- Desenvolver actuacións conxuntas específicas que permitan garantir a consecución dos retos e obxectivos, identificando fontes de financiamento, autonómico, estatal ou europeo que visibilicen as propostas estratéxicas.
- Impulso de accións participativas que integren aos principais axentes de relevancia no eido da Biomasa en Galicia e estableza unha canle aberta de comunicación entre as partes co fin de compartir información de relevancia para o deseño de proxectos.
- Apoiar con información relevante as iniciativas privadas que desexen impulsar proxectos vencelladas a valorización da BIOMASA como fonte de enerxía renovable e autóctona con impacto no medio.
- Potenciar o ecosistema da bioenerxía para que se estenda polo territorio galego co obxectivo da independencia enerxética e da eliminación de combustibles fósiles.
- Mellorar o grao de autonomía enerxética da poboación e empresas galegas.
- Explorar vías de financiamento para o impulso de proxectos estratéxicos de interese común para ambas partes no sector da biomasa en Galicia.
- Sensibilizar á poboación en materia bioenerxética.



Durante a vixencia do convenio desenvolveranse un conxunto de actuacións cuxo alcance e orzamento se definen no Anexo I.

Segunda.- Compromisos do Inega

1. Facilitar o asesoramento técnico e colaboración que sexa necesaria para a elaboración dos contidos destas actuacións.
2. Financiar o 90 % das actividades obxecto deste convenio establecidas na cláusula terceira, cuxo alcance e orzamento se definen no Anexo I.
3. Informar ao Clúster da Biomasa de Galicia sobre as diferentes liñas de axudas en materia de bioenerxía convocadas polo Inega.
4. Calquera outra función que resulte de mutua conveniencia por razón do obxecto do convenio.

Terceira.- Compromisos do Clúster

1. Actualización dos contidos e deseño gráfico e visual do Observatorio Galego da Biomasa, segundo o alcance e orzamento definido no Anexo I.
2. Posta en marcha dun programa para o deseño de proxectos estratéxicos para o impulso, consolidación e posta en valor do sector, segundo o alcance e orzamento definido no Anexo I.
3. Actividades de difusión e comunicación, segundo o alcance e orzamento definido no Anexo I.
4. Elaboración do Catálogo de capacidades industriais da enerxía da biomasa en Galicia, segundo o alcance e orzamento definido no Anexo I.

Cuarta.- Contía da achega

O orzamento para a execución das actuacións previstas no presente convenio é de 50.000 €.

A contribución do INEGA ascenderá o 90% do importe conveniado, corenta e cinco mil euros (45.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 09.A3.733A.641.1 do seu orzamento de gastos para o ano 2025.



Quinta.- Xustificación e pagamento

Os traballos obxecto do presente convenio estarán executados e entregados ó Inega antes do día 15 de decembro de 2025.

O pagamentos faranse efectivo contra certificacións da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi subscrito o presente convenio acompañada das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalentes con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que serán presentados de forma acompañada coa execución.

A data límite para a xustificación do último pagamento será o 15 de decembro de 2025.

O Clúster achegará ademais a seguinte documentación:

Unha certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta bancaria do Clúster onde debe realizarse o pagamento, na que conste: IBAN, ordinal bancario, código do banco, código de sucursal e código de conta corrente.

Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

O Inega reservará para si o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa con relación á xustificación dos respectivos gastos.

Sexta.- Propiedade Intelectual

A propiedade intelectual e material dos traballos que resulten deste convenio será conxunta do Inega e do Clúster. A información que se obteña, os resultados das investigacións e o seu alcance poderán ser difundidos con autorización expresa do Clúster e do Inega deixando constancia nas publicacións da participación de cada unha delas. En toda a documentación ou documento relacionado co presente convenio producido en forma unilateral,



farase constar a colaboración prestada polo outro membro sen que isto signifique responsabilidade algunha, respecto do contido da publicación ou documento.

Sétima.- Relacións laborais

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolveron as actividades e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente convenio de colaboración.

Oitava.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, a súa vixencia rematará o 31 de decembro de 2025, con retroacción dos seus efectos, a fin de amparar as actuacións realizadas desde o 15 de maio de 2025.

Novena.- Comisión de seguimento

Para facilitar a execución e desenvolvemento así como o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento integrada por catro membros, designando cada parte dous deles. Dita comisión constituirase no prazo de trinta (30) días contados desde a sinatura deste convenio marco constituída por dous membros por cada unha das partes segundo os seguintes criterios:

- Por parte de INEGA, o Director do Departamento de Enerxía ou persoas en quen delegue.
- Por parte do Clúster da Biomasa de Galicia, o Presidente ou persoas en quen delegue.

A comisión ditará as súas propias normas internas de funcionamento, debendo reunirse sempre que sexa necesario para o bo fin da colaboración.

Entre outras, á comisión lle corresponderán as seguintes funcións:

- a) Propoñer actuacións concretas de colaboración
- b) Preparar as addendas ou anexos de execución do presente convenio.



- c) Realizar o seguimento das actuacións específicas que se leven a cabo, así como aclarar e decidir cantas dúbidas poidan xurdir na súa interpretación e execución.

Décima.- Protección de datos

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos de carácter persoal, en concreto, co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/45/CE.

Os asinantes manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que constan no presente convenio e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo primeira.- Publicidade

En canto á publicidade, procederá de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios, e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude do disposto no parágrafo anterior o Clúster da Biomasa de Galicia consente expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio.

Décimo segunda.- Causas de resolución

O presente convenio poderá ser resolto polas causas seguintes:

- a. O transcurso do prazo de vixencia establecido sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo.
- b. O mutuo acordo entre as partes.





- c. A imposibilidade sobrevida para o cumprimento dos termos do presente acordo.
- d. A denuncia de calquera das partes formulada por escrito con quince días de antelación.
- e. O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.

Décimo terceira.- Natureza e Réxime Xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentar.

Este convenio o ter carácter administrativo todas as diferenzas que poidan xurdir entre o Inega e o Clúster, en relación coas cuestións controvertidas non resoltas no seno da comisión de seguimento, someteranse ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.

O presente convenio rexerase polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de Abril de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e con particulares, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E en proba de conformidade, asíñase o presente convenio, no lugar indicado ao comezo.

Polo Inega

Pola Asociación Clúster Biomasa de Galicia,

**Pablo Fernández Vila
Por Resolución do 10/03/2017
de delegación de competencias
da Presidencia da Axencia
(DOG 27/03/2017)**

Francisco Javier Álvarez Pereiro



ANEXO I. Memoria económica

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN, IMPULSO E DIFUSIÓN DO SECTOR DA BIOMASA EN GALICIA 2025

CONCEPTO	ORZAMENTO 2025	Aportación INEGA	Aportación Clúster
1. Actualización dos contidos e deseño gráfico e visual do Observatorio Galego da Biomasa	10.000,00 €	9.000,00 €	1.000,00 €
2. Posta en marcha dun programa para o deseño de proxectos estratéxicos para o impulso, consolidación e posta en valor do sector	15.000,00 €	13.500,00 €	1.500,00 €
3. Actividades de difusión e comunicación	10.000,00 €	9.000,00 €	1.000,00 €
4. Elaboración do Catálogo de capacidades industriais da enerxía da biomasa en Galicia	15.000,00 €	13.500,00 €	1.500,00 €
TOTAL	50.000,00 €	45.000,00 €	5.000,00 €



1. Actualización dos contidos e deseño gráfico e visual do Observatorio Galego da Biomasa.

Realizaranse as labores de actualización de contidos e formato do “Observatorio Galego da Biomasa” (<http://www.observatoriobiomasa.gal/es/>):

- a. Recompilación de datos: procura, filtrado e análise de información sobre o uso de biomasa como fonte de enerxía, a dispoñibilidade de recursos de biomasa, así como as políticas, regulamentos e axudas públicas relacionadas.
- b. Análise de tendencias actuais do sector da biomasa: avances tecnolóxicos, cambios nas políticas enerxéticas, desenvolvemento de novos mercados e evolución de prácticas de sustentabilidade.
- c. Elaboración e actualización de informes e publicacións (contidos), con información alienada ca disposta na web da Oficina da Biomasa de Galicia.
- d. Actualización da plataforma web: Publicación de contidos previamente elaborados, así como actualización de estatísticas, informes, noticias e recursos relacionados coa biomasa en Galicia e a imaxe visual da web, segundo o proposto ao abeiro do convenio firmado no período anterior.

2. Posta en marcha dun programa para o deseño de proxectos estratéxicos para o impulso, consolidación e posta en valor do sector.

Deseño de 3 proxectos tractores para o fomento de proxectos colaborativos para empresas do sector da biomasa en Galicia, coas seguintes actividades a realizar:

- a) Identificación das áreas de interese nas que se desenvolverá o deseño dos proxectos tractores.
- b) Deseño conceptual do proxecto.
- c) Identificación de posibles axentes participantes no proxecto.
- d) Determinación do orzamento económico necesario para desenvolver o proxecto e prazos necesarios para o seu desenvolvemento.





- e) Realización dun Road Map para o financiamento público e privado dos proxectos, así como a identificación de posibles fontes de cofinanciamento público.
- f) Redacción dun resumo executivo do proxecto para utilizalo de base para posibles expresións de interese.

3. Actividades de difusión e comunicación.

Dende o Clúster da Biomasa de Galicia darase apoio na organización de determinadas actividades de difusión e comunicación relacionadas cos documentos expostos e co sector e de xeito específico as seguintes:

- a. Deseño e posta en marcha dunha campaña de comunicación en rede sociais co posible lema “Este edificio quéntase con Biomasa” para poñer en valor o uso deste tipo de enerxía.
- b. Participación do Clúster da Biomasa de Galicia na Feira Enerxétika como representación do sector a través dun stand conxunto.
- c. Organización dunha xornada de divulgación do potencial das redes de calor e comunidades enerxéticas baseadas en biomasa.
- d. Apoio continuado na xeración de contidos para a estratexia de comunicación online e de redes sociais de INEGA.

4. Elaboración do Catálogo de capacidades industriais da enerxía da biomasa en Galicia

O **ÍNDICE de referencia** do catálogo de capacidades industriais da enerxía da biomasa en Galicia, sería o seguinte:

1. Introducción.
2. Obxectivo: deseñar un catálogo integral que permita mostrar as capacidades produtivas, experiencia e proxectos para accións comerciais e establecemento de iniciativas que contribúan ao crecemento da actividade no sector da enerxía da biomasa en Galicia.
3. Ecosistema do sector da biomasa en Galicia.
4. Recursos industriais do sector da biomasa en Galicia.





- 4.1. Empresas. (nas fichas de empresa (2 caras por ficha incluídas imaxes) debería figurar os seguintes apartados: datos de contacto; actividade; produtos e servizos; produtos e servizos destacables: innovación; proxectos destacables).
- 4.2. Asociacións e Entidades.
- 4.3. Axentes económicos e sociais.
- 4.4. Asociacións sectoriais/agrupacións industriais.
- 4.5. Catálogo de grupos de investigación.
- 4.6. Proxectos distintivos e innovadores.

O **ALCANCE** (Catálogo de capacidades industriais da enerxía da biomasa en Galicia):

O traballo consistirá na elaboración dun catálogo, en formato dixital, de capacidades industriais da enerxía da biomasa en Galicia, que incluirá:

- Identificación dos actores clave (empresas, asociacións/entidades, axentes económicos e sociais, asociacións sectoriais/clústeres, catálogo de grupos de investigación, proxectos distintivos e innovadores).
- Avaliación de habilidades: Recoller datos acerca das habilidades presentes dos actores detectados, tales como a súa infraestrutura tecnolóxica, capital humano, experiencia, servizos prestados e campos de especialización.
- Recoñecemento de requirimentos: Analizar as demandas tecnolóxicas, educativas, de recursos ou de cooperación de cada participante, co obxectivo de suxerir solucións que poidan ser atendidas dentro da rede de coñecemento.
- Elaboración do catálogo de capacidades en formato dixital: Desenvolver un catálogo de capacidades en formato dixital completo que describa as habilidades e requirimentos de cada axente detectado, de maneira organizada e de fácil acceso, segundo o índice de contidos recolleito neste anexo.

Actualización constante: Durante o desenrolo do proxecto, e crucial manter a información o día para mostrar modificacións o novos participantes engadidos á cadea de valor. Requírese dun mecanismo estruturado que permita a revisión e modificación da información de maneira eficiente e continua.

ENTREGA INFORME:



- Informe preliminar onde se inclúa o estudio inicial dos actores claves detectados cas súas habilidades e recoñecementos.
- Informe final onde se inclúa o resultado final do Catálogo de capacidades industriais da enerxía da biomasa en Galicia.

